



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
REL:MU2000/15

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA O SERVIZO DE LIMPEZA DE PRAIAS, ANUALIDADE 2026, E FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO. EXP. 2026/E001/000001

**EXPEDIENTE:** 2026/G003/000381

### ANTECEDENTES:

Este Concello de Ponteceso realizou un proceso de selección para a contratación de 6 traballadores para o Servizo de Limpeza de Praias, anualidade 2026, como persoal laboral temporal, na categoría de peón de limpeza de praias (Grupo 10) e para a formación dunha bolsa de emprego, que terán como cometido a realización de tarefas de limpeza de praias e limpeza medioambiental, ao abeiro do Programa MA 100/2026 da Deputación da Coruña.

O proceso selectivo realizouse consonte ás bases aprobadas pola resolución de Alcaldía núm. 228/2026, do 7 de abril de 2026, publicadas no BOP núm. 67 do 13 de abril de 2026, sede electrónica e taboleiro de anuncios.

Na data do 27 de abril de 2026, o técnico de Medio Ambiente emite informe sobre a necesidade de contratación de seis peóns de limpeza de praias.

Pola resolución de Alcaldía núm. 283/2026, do 5 de maio de 2026, aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos, nomeándose aos membros do tribunal cualificador e fixéndose a data da 1ª proba do proceso selectivo.

Con data do 11 de maio de 2026 ditouse a resolución núm. 301/2026, mediante a que se aprobou a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos.

Rematado o proceso selectivo, o tribunal cualificador elevou á Alcaldía a proposta definitiva de aprobados, acordada na reunión celebrada o día 29 de maio de 2026, publicándose a acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, que é do seguinte teor literal:

**“Primeiro:** Elevar á Alcaldía a proposta de aprobados, segundo a maior cualificación final obtida no proceso selectivo, para a cobertura de seis prazas de persoal laboral temporal, peón de limpeza de praias, asimilado a Peón, grupo profesional V, grupo 10 de cotización á Seguridade Social, composta polos seguintes aspirantes:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN FINAL
1	AÑON REY, SUSANA	***1405**	19,56
2	GARCIA PAZ, FRANCISCO JOSE	***2205**	19,40



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN FINAL
3	VILLAR GARCIA, JOSE ANTONIO	***3357**	18,50
4	ALVAREZ DE SOTOMAYOR PUGNAIRE, GONZALO	***5368**	17,63
5	GERMOSEN MUÑOZ, JUAN PABLO	***6793**	17,60
6	DOCAMPO FERNANDEZ, ADRIAN	***9336**	17,60

De conformidade co disposto na base novena, os aspirantes propostos que acepten o chamamento deberán presentar a seguinte documentación preceptiva para a formalización do correspondente contrato no prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta do tribunal no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal:

1. Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas inherentes ao posto ofertado.
2. Número de Afiliación a Seguridade Social.
3. Certificado de número IBAN de conta bancaria.

**Segundo:** Elevar á Alcaldía a proposta definitiva de formación de bolsa de emprego do SERVIZO DE LIMPEZA DE PRAIAS de persoal laboral temporal para a categoría peón de limpeza de praias, asimilado a Peón, grupo profesional V, grupo 10 de cotización á Seguridade Social, composta polos seguintes aspirantes, en función da puntuación total obtida no proceso selectivo, ordenados de xeito decrecente:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN FINAL
1	AÑON REY, SUSANA	***1405**	19,56
2	GARCIA PAZ, FRANCISCO JOSE	***2205**	19,40
3	VILLAR GARCIA, JOSE ANTONIO	***3357**	18,50
4	ALVAREZ DE SOTOMAYOR PUGNAIRE, GONZALO	***5368**	17,63
5	GERMOSEN MUÑOZ, JUAN PABLO	***6793**	17,60



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

<b>Nº</b>	<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>PUNTUACIÓN FINAL</b>
6	DOCAMPO FERNANDEZ, ADRIAN	***9336**	17,60
7	POSE POSE, VICTOR	***4706**	17
8	VERDES RAMA, MARCOS	***0184**	16,90
9	JAIME MERINO, REBECA RUTH	***2550**	14,50
10	MORALES RODRIGUEZ, JUAN CARLOS	***9451**	14,20
11	ORDOÑEZ POMBO, YERAY	***7485**	13,70
12	VIDAL RODRIGUEZ, YOLANDA	***1692**	13,50

(...)

Vista a memoria de Alcaldía de data 03-06-2026 na que se xustifica a urxencia, necesidade e excepcionalidade da contratación.

Vista a documentación esixida nas bases presentada polos candidatos que aceptaron o chamamento, que consta incorporada ao expediente, co seguinte número de rexistro:

- ALVAREZ DE SOTOMAYOR PUGNAIRE, GONZALO, con DNI \*\*\*5368\*\*: R.E. núm. 202600000000562 do 01-06-2026
- GERMOSEN MUÑOZ, JUAN PABLO, con DNI \*\*\*6793\*\*: R.E. núm. 202600000000574 do 02-06-2026
- POSE POSE, VICTOR, con DNI \*\*\*4706\*\*: R.E. núm. 202600000000571 do 02-06-2026
- VERDES RAMA, MARCOS, con DNI \*\*\*0184\*\*: R.E. núm. 202600000000561 do 01-06-2026
- JAIME MERINO, REBECA RUTH, con DNI \*\*\*2550\*\* R.E. núm. 202600000000557 do 01-06-2026
- MORALES RODRIGUEZ, JUAN CARLOS, con DNI \*\*\*9451\*\* R.E. núm. 202600000000582 do 03-06-2026

Visto o informe emitido pola técnica de Emprego Local, de data 11 de xuño de 2026, no que fai a seguinte proposta de contratación, unha vez realizados os chamamentos aos candidatos aprobados, pola orde de prelación obtida no proceso selectivo:

“Logo de realizar os chamamentos por orde de prelación e comprobar a situación das persoas candidatas (situación laboral (activa ou desemprego), aceptación, suspensión ou renuncia); e



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
REL:MU2000/15

*comunicada expresamente a aceptación por parte das 6 persoas da bolsa de emprego que cumprían os requisitos segundo as bases da convocatoria, en base ao anteriormente exposto,*

**PROPONSE:**

1º. *A contratación das seguintes persoas da bolsa de emprego para cubrir 6 postos de “operarias/os de limpeza de praias marítimas” a través do programa MA100/2026 no exercicio de 2026, as cales presentaron a aceptación ao chamamento e a documentación requirida nas bases da convocatoria para a súa contratación como operaria/o para formar parte da brigada de limpeza de praias:*

<b>Apelidos e nome</b>	<b>Nª de rexistro de entrada da documentación para formalizar a contratación</b>	<b>Data</b>
<i>Álvarez de Sotomayor Pugnaire, Gonzalo</i>	<i>202600000000562</i>	<i>01/06/2026</i>
<i>Germosen Muñoz, Juan Pablo</i>	<i>202600000000574</i>	<i>02/06/2026</i>
<i>Pose Pose, Víctor</i>	<i>202600000000571</i>	<i>02/06/2026</i>
<i>Verdes Rama, Marcos</i>	<i>202600000000561</i>	<i>01/06/2026</i>
<i>Jaime Merino, Rebeca Ruth</i>	<i>202600000000557</i>	<i>01/06/2026</i>
<i>Morales Rodríguez, Juan Carlos</i>	<i>202600000000582</i>	<i>03/06/2026</i>

*Logo de recibir a documentación presentada polas persoas candidatas, compróbase que a dita documentación reúne os requisitos esixidos segundo o establecido na resolución que regula a creación e funcionamento da bolsa de “operarias/os de obras e servizos municipais”.*

2º. *Excluir á persoa candidata Docampo Fernández, Adrián, xa que as alegacións presentadas non se corresponden con algún dos motivos indicados no artigo 10.5 das bases da convocatoria para poder permanecer na bolsa en caso de ter que realizar os chamamentos que se consideren oportunos.*

*Para que conste e surta os efectos oportunos, asino o presente informe na data de sinatura electrónica indicada á marxe.*

*A Axente de Emprego e Desenvolvemento Local,  
Asdo.: Isabel Rejes Canoura”.*

*Sometido o expediente a fiscalización previa da Intervención municipal, emítase na data do 15-06-2026 informe favorable.*

*Á vista do exposto, verificado o cumprimento dos requisitos esixidos polas bases da convocatoria e de acordo co disposto na base 9ª, de conformidade coa atribución que me outorga o artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,*



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

## RESOLVO:

**Primeiro:** Declarar a urxencia e a necesidade de contratación de seis operarios para o “Servizo de Limpeza de Praias” do ano 2026, consonte ao informe do técnico de Medio Ambiente de data 27/04/2026 e á memoria de Alcaldía de data 03-06-2026.

**Segundo:** Aceptar as renuncias presentadas polos seguintes aspirantes, en base aos seus escritos, ao considerar as causas alegadas xustificadas, conforme ao disposto na base 10.5.A):

- AÑÓN REY, SUSANA, con DNI núm. \*\*\*1405\*\* (R.E. 202600000000568 do 02-06-2026)
- GARCIA PAZ, FRANCISCO JOSE, con DNI núm. \*\*\*2205\*\* (R.E. 202600000000572 do 02-06-2026)
- VILLAR GARCIA, JOSE ANTONIO, con DNI núm. \*\*\*3357\*\* (R.E. 202600000000559 do 01-06-2026)

**Terceiro:** Excluir da bolsa a ADRIAN DOCAMPO FERNANDEZ, con DNI \*\*\*9336\*\*, por considerar que a causa alegada polo candidato para a renuncia non está prevista na base 10.5.A)

**Cuarto:** Contratar para o “Servizo de Limpeza de Praias 2026”, como persoal laboral temporal, para o posto de PEÓN/PEOA DE LIMPEZA DE PRAIAS, grupo profesional V, grupo de cotización á Seguridade Social 10, aos/ás seguintes candidatos/as, propostos polo tribunal cualificador do proceso selectivo na acta do 29-05-2026, que aceptaron o chamamento e que achegaron en tempo e prazo a documentación relacionada nas bases, tendo en conta as renuncias habidas, consonte ao informe da técnica de Emprego Local de data 04-06-2026, cunha retribución bruta mensual de 1.424,50 € por todos os conceptos, correspondente ao salario mínimo interprofesional, incluído o rateo das pagas extraordinarias, **dende o 17-06-2026 ao 13-09-2026 (89 días)**, cun contrato de duración determinada por circunstancias da produción, para atender situacións ocasionais e previsibles e que teñen unha duración reducida, de conformidade co artigo 15.2 do ET, con cargo á subvención concedida pola Deputación da Coruña:

1. ALVAREZ DE SOTOMAYOR PUGNAIRE, GONZALO, con DNI \*\*\*5368\*\*
2. GERMOSEN MUÑOZ, JUAN PABLO, con DNI \*\*\*6793\*\*
3. POSE POSE, VICTOR, con DNI \*\*\*4706\*\*
4. VERDES RAMA, MARCOS, con DNI \*\*\*0184\*\*
5. JAIME MERINO, REBECA RUTH, con DNI \*\*\*2550\*\*
6. MORALES RODRIGUEZ, JUAN CARLOS, con DNI \*\*\*9451\*\*

**Quinto:** Aprobar a BOLSA DE EMPREGO de persoal para o “Servizo de Limpeza de Praias”, resultante do proceso selectivo convocado pola resolución de Alcaldía núm. 228/2026, conforme á proposta do tribunal de data 29-05-2026, de persoal laboral temporal, para a categoría de peón de limpeza de praias, grupo profesional V, grupo 10 de cotización á Seguridade Social, que se empregará para o chamamento de candidatos coa finalidade de realizar contratacións de carácter temporal, nos supostos previstos no Estatuto dos Traballadores. Estará composta polos seguintes aspirantes, ordenada de xeito decrecente, en función da puntuación total obtida no proceso selectivo:



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN FINAL
1	AÑON REY, SUSANA	***1405**	19,56
2	GARCIA PAZ, FRANCISCO JOSE	***2205**	19,40
3	VILLAR GARCIA, JOSE ANTONIO	***3357**	18,50
4	ALVAREZ DE SOTOMAYOR PUGNAIRE, GONZALO	***5368**	17,63
5	GERMOSEN MUÑOZ, JUAN PABLO	***6793**	17,60
6	POSE POSE, VICTOR	***4706**	17
7	VERDES RAMA, MARCOS	***0184**	16,90
8	JAIME MERINO, REBECA RUTH	***2550**	14,50
9	MORALES RODRIGUEZ, JUAN CARLOS	***9451**	14,20
10	ORDOÑEZ POMBO, YERAY	***7485**	13,70
11	VIDAL RODRIGUEZ, YOLANDA	***1692**	13,50

Esta bolsa de emprego terá unha vixencia de tres anos, desde a súa aprobación (base 10.10)

**Sexto:** Notificar aos interesados e dar traslado ao Departamento de Tesourería e Intervención, aos efectos procedentes.

**Sétimo:** Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, aos efectos de publicidade e xeral coñecemento.

**Oitavo:** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Documento asinado electronicamente polo alcalde, José Manuel Mato Martínez, ante min, o secretario en acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde,

José Manuel Mato Martínez

O secretario en acumulación,

Francisco Javier Novoa Juiz

CVD: 5d4gNdKcKCDXEZbx17MH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.ponteceso.gal/>